

**Anuncio da área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Borrasca de 84 MW e a súa infraestrutura de evacuación na provincia de Lugo. Código do proxecto: PEol-341. BOP Lugo, Núm. 194, de 24 de agosto de 2021. Fin prazo alegacións: 05/10/2021.**

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS
Parque eólico Borrasca de 84 MW e a súa infraestrutura de evacuación.	Greenalia Wind Power Borrasca S.L	Alfoz, Barreiros, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e Xove, na provincia de Lugo.	<p>O parque eólico Borrasca de 84 MW de potencia nominal, integrado por quince (15) aerogeneradores tripala de velocidade variable e paso variable, con 150 m de rotor e potencia nominal unitaria de 5,6 MW 50/60 H. , con 105 m de altura de buxeiro, situados nos termos municipais de Foz, Mondoñedo e Lourenzá, na provincia de Lugo.</p> <p>2. Subestación colectora, SEC XOVE 132/400 kV, que elevará a tensión da enerxía desde 132 a 400 kV, situada no Concello de Xove, provincia de Lugo.</p> <p>3. Liña aérea de alta tensión en 132 KV desde a Subestación PE BORRASCA á SEC XOVE 132/400 kV, que discorre polos termos municipais de Foz, Cervo e Xove, provincia de Lugo.</p> <p>4. Liña aérea de alta tensión en 400 KV desde a citada SEC XOVE 132/400 kV á SET XOVE</p>	<p><b>Vulneración flagrante da normativa ambiental:</b></p> <p>O parque preséntase como un proxecto independente dentro dun Plan industrial eólico promovido pola empresa Greenalia Wind Power. Este plan industrial carece da preceptiva avaliación ambiental estratéxica inherente a todos os plans como prescribe a Lei 21/2013 de impacto ambiental. Cómpre indicar que a mercantil promotora prevé:</p> <p><i>“Para la evacuación de la energía eléctrica generada en el parque eólico hasta la Subestación Xove (R.E.E.), se empleará la “LAT 132 kV SET P.E. VENTISCA – SET XOVE”, que evacuará la energía generada en el Parque Eólico Ventisca, incluida dicha infraestructura en la tramitación de dicho parque eólico, considerándose como la mejor alternativa ambiental la creación de una única línea que evacue de manera conjunta la energía generada por varios parques eólicos del mismo promotor (P.E. Ventisca, P.E. Boura y P.E. Borrasca) que comparten el mismo punto de conexión a la Red General, frente a la creación de líneas eléctricas de evacuación individuales para cada parque. Para ello, dicha LAT 132 kV SET P.E. VENTISCA – SET XOVE se ha dimensionado teniendo en consideración la potencia eléctrica que se prevé generar en el Parque Eólico Borrasca”.</i></p> <p>Polo tanto, e dado o carácter unitario de todos os parques mencionados pola empresa promotora, isto é, o parque eólico Boura, Ventisca e Borrasca cumprirá en primeiro lugar unha avaliación ambiental estratéxica de conxunto do Plan industrial e en segundo lugar, indicar que con esta división do plan en proxectos independentes estase a substraer da participación pública a globalidade dos impactos da totalidade das infraestruturas do Plan industrial eólico. Por outra banda, este sobredimensionamento da Liña de evacuación (LAT) non ten nada de ecolóxico e carece de interés ambiental e utilidade pública algunha, posto que fracciona e fragmenta os hábitats coa conseguinte perda de biodiversidade. Trátase dunha LAT con 82 apoios proxectados e unha lonxitude excesiva que a converte en ambientalmente inviable.</p> <p>Ao anterior hai que engadir que hai que ter en conta a LAT 132 KV titularidade de BEGASA en Cervo, co cal o cúmulo de impactos é inasumible tanto desde o punto de vista ambiental como paisaxístico.</p> <p>Así a promotora indica na documentación:</p> <p><i>“Debemos aquí hacer hincapié en que el tramo objeto de estudio de este proyecto de prospección es únicamente el comprendido entre la subestación del P.E. Borrasca a la futura SET Xove. Como vemos se trata de una infraestructura mayor, conjunta para varios parques eólicos y que se extiende mucho más allá del ámbito aquí manejado por lo que incidimos en que estudiamos tan sólo su extremo norte”.</i></p> <p>Así pois a avaliación da liña de evacuación limitase tan só a unha fracción da mesma e non ao conxunto da infraestrutura vulnerándose de forma flagrante a normativa europea, a lei 21/2013 de impacto ambiental e o Convenio de Aarhus.</p> <p><b>Falla de tradución a un idioma oficial en Galicia do documento denominado:</b></p> <p>ANEJO II. DOCUMENTACIÓN AEROGENERADOR</p> <p>Restricted</p> <p>Document no.: 0081-5059 V02 2019-01-24</p> <p>Performance Specification</p>

		<p>400 kV propiedade de Rede Eléctrica de España (REE).</p>	<p>EnVentus™ 5 MW V150-5.6 MW 50/60 Hz</p> <p><b>Afección significativa, severa e prexuízos irreparables para a Paisaxe e a biodiversidade:</b></p> <p>A liña de evacuación proxéctase transversalmente sobre as dorsais montañosas afectando irreversiblemente a enclaves identitarios para a cidadanía e a poboación local particularmente afectada como a aldea de Trasmonte. Destaca particularmente a afección a zonas de grandes bolos graníticos onde discorren importantes roteiros de sendeirismo. Así a liña afecta de forma severa a enclaves sensibles e identitarios como o Castelo Grante e a Medela Pequena, lugares de interés paisaxístico excepcional. A LAT afecta ao Monte Maior, lugar tamén identitario e de importancia relevante desde o punto de vista da paisaxe e que permite apreciar as fermosas vistas dos vales, onde tamén se prevé instalar a subestación do parque eólico Borrasca. Cruzaría o fermoso val do río Ouro (ZEC Río Ouro ES1120013) para continuar atravesando paraxes dunha beleza excepcional e identitarios como os montes de Cruz do Foxo- Coto da Lagoa desde onde se divisa o val aberto do rego de Moucide, afectando de forma significativa e irreparable ao bosque autóctono galego e ao bosque de ribeira. A LAT continuaría atravesando paraxes moi significativas e identitarias para a poboación local e da área das Mariñas como o Pico do Xirgo, lugar de nascencia de diversos cauces. Descende ao val do río Xunco e atravesa os Montes de Cabaleiros. Os montes dos Cabaleiros pertencen ás serras setentrionais de Galiza e están localizados ao norte da serra do Xistral. Ao sur, limitan coa montes de Buio, entre os concellos de Cervo, Foz, O Valadouro e Burela.</p> <p>Atravesaría o río Covo, coa conseguinte afección irreparable de novo ao bosque de ribeira, ascendería aos montes de Castelo Grande, de enorme importancia patrimonial e paisaxística, que a empresa promotora Greenalia obvia, xa no límite entre Cervo e Xove para rematar na subestación de Xove.</p> <p>Existe unha ausencia clara de caracterización dos enclaves e paraxes de interés relevante desde o punto de vista ambiental e paisaxístico como Lobeira, Cruz de Lobeira, A Lebre, Pico da Lebre, Monte da Lebre, Monte do Santo, río Centinó, a Fraga de Castañañedo, rego do Muíño, río Ouro, a Fraga de Martínez, Ermida de Bispo Santo, río Covo, encoro do río Covo, rego de Moucide, río da Rigueira...etc, e que ademais son enclaves identitarios para as poboacións dos núcleos, das aldeas e comarcas da provincia de Lugo.</p> <p>Por outra banda, existen numerosas Áreas de Especial Interés Paisaxístico (AEIP) como “As Penas da Frouxeira” e “Río Masma”, ao que hai que engadir outros espazos de interés relevantes da Rede Natura 2000 como o “Esteiro do Masma” e a ZEC “Río Ouro”, espazos clasificados ademais como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN).</p> <p>O cúmulo de afeccións paisaxísticas é inasumible para a poboación afectada. Hai que ter en conta tamén a afección a espazos como o BIC Basílica de San Martiño de Mondoñedo e o Esteiro do Masma. A afección paisaxística tamén se plasma na rede de miradoiros como O Pico da Lebre a 650 metros do aeroxerador 5 co cal a afección é irreversible ou ao miradoiro Alto do Virín, a 200 metros, a Pena Corneira a 230 metros, tamén moi afectado. Pero a afección esténdese a outros como A Frouxeira, ao Pico e Fortaleza da Frouxeira, ao Castelo Pardo de Cela, Penabor, Miradoiro da Muralla...etc.</p> <p>O parque localízase sobre todo no municipio de Foz afectando a claves particularmente significativos desde o punto de vista ambiental e visual como os montes de Corneira, Alto de Virín e Pena do Voitre, compartindo cumes cos municipios de Mondoñedo e Lourenzá. Pero tamén espazos singulares e identitarios como Monte Maior e Pico dá Lebre. Destaca o impacto visual sobre o val aberto do río Centinó. Destacan pola súa importancia os picos da Frouxeira.</p> <p>A poligonal ocupa un total de 4.809 ha. Trátase dunha poligonal sobredimensionada e con unha superficie de afección que non foi avaliada na súa totalidade por parte da mercantil promotora.</p>
--	--	---	--

**Incremento do Feísmo Paisaxístico e afección severa ao turismo e á hostalería:**

O proxecto afecta á ZEC “As Catedrais” de importante relevancia turística. Pero tamén á ZEC “Río Ouro”, ZEC “Ría de Foz –Masma”, ZEPVN Ría de Foz e á amplitude do esteiro do río Masma con un importante impacto visual na franxa litoral costeira. O feísmo paisaxístico agrándase pola presenza doutros parques próximos e outras infraestruturas.

A ZEC ES1120013 “Río Ouro” ten unha superficie de 109 ha. Sitúase na zona nordés de Galicia, na denominada Mariñas lucense, no concello de Alfoz, Foz e O Valadouro (Lugo).

Está conformada polo curso fluvial do río Ouro, que desemboca na Mariña lucense. Conta con vexetación ripícola ben conservada.

Polos municipios de Alfoz, O Valadouro e Foz, o río Ouro describe un curto percorrido desde a Serra do Xistral, formando o denominado “Val do Ouro”. No seu tramo final, sometido á influencia das mareas, o río desemboca formando a ría de Fazouro, no municipio de Foz.

O seu últimos seis quilómetros poden percorrerse seguindo un roteiro de sendeirismo de baixa dificultade que se inicia na área recreativa de Fazouro e termina no salto de auga denominada A Pena dá Ruxida, nas proximidades do pazo dos Condes de Fontao.

Nesta área de interese destacan os hábitats fluviais, incluída a vexetación de ribeira.

Polo que respecta aos núcleos máis afastados do litoral o mosaico agroforestal degrádase e convértese nunha paisaxe industrial de aeroxeradores e liñas de alta tensión.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para a Rede Natura 2000:**

ZEC Río Ouro ES1120013

ZEC Ría de Foz-Masma ES1140011

ZEPA Ría de Foz ES0000373

ZEPA Costa da Mariña Occidental ES1120017

**Río Ouro****Código ZEC**

ES1120013

**Rexión**

Atlántica

**Data declaración LIC**

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

**Data declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

**Instrumentos de planificación**

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

**Concellos**

Foz, O Valadouro, Alfoz.

**Superficie**

109 ha.

**Situación**

Na liña costeira da provincia de Lugo, entre as localidades de Foz e Burela, pertence á comarca da Mariña Central.

Localidades de referencia: Fazouro, Foz, Ferreira, A Seara.

**Outras figuras de protección**

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais "Río Ouro", de 109 ha.

**Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE**

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1330	Pasteiros salinos atlánticos ( <i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i> )
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas ( <i>Sarcocornetea fruticosae</i> )
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
2130 β	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises)
2190	Depresións intradunales húmidas
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4030	Queirogais secos europeos
4040 β	Queirogais secos atlánticos costeiros de <i>Erica vagans</i>
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano

	a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
7220 β	Mananciais petrificantes con formación de tuf ( <i>Cratoneurion</i> )
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
8330	Furnas mariñas
91E0 β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

**Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE**

Flora	Invertebrados	Peixes
	<i>Geomalacus maculosus</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
	<i>Lucanus cervus</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	<i>Salmo salar</i>
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Lacerta monticola</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

**Ría de Foz - Masma**

**Código ZEC**

ES1120011

**Rexión**

Atlántica

**Data declaración LIC**

29 de decembro de 2004. Decisión da Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

**Data declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2004, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de

Galicia.

**Instrumentos de planificación**

Plan director da Rede Natura 2000. Decreto 37/2014

**Concellos**

Foz, Barreiros, Lourenzá, Mondoñedo.

**Superficie**

643 ha.

**Situación**

No cuadrante nordés da provincia de Lugo, a cabalo das comarcas da Mariña Central e Oriental. Localidades de referencia: Foz, San Cosme (Barreiros), Vilanova (Lourenzá), Mondoñedo.

**Outras figuras de protección**

Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais "Ría de Foz – Masma" de .643 ha, e "Ría de Foz", de 564 ha. Zona de Especial Protección para as Aves ZEPA ES0000373 "Ría de Foz", 564 ha.

A área corresponde parcialmente coa IBA 007 Ría do Eo-Praia de Barayo-Ría de Foz, incluída no inventario de SEO/BirdLife (1998).

**Tipos de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE**

Código	Denominación
1110	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña, pouco profunda
1130	Esteiros
1140	Chairas lamacentas ou areentas que non están cubertos de auga na baixamar
1160	Grandes calas e baías pouco profundas
1170	Arrecifes
1210	Vexetación anual sobre argazos
1230	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
1310	Vexetación anual pioneira con <i>Salicornia</i> e outras especies de zonas lamacentas ou areentas
1320	Pasteiros de <i>Spartina</i> ( <i>Spartinion maritimi</i> )
1330	Pasteiros salinos atlánticos ( <i>Glauco-Puccinellietalia maritimae</i> )
1420	Matogueiras halófilas mediterráneas e termoatlánticas ( <i>Sarcocornetea fruticosae</i> )
2110	Dunas móbiles embrionarias
2120	Dunas móbiles de litoral con <i>Ammophila arenaria</i> (dunas brancas)
3130	Augas estancadas, oligotróficas ou mesotróficas con vexetación de <i>Littorelletea uniflorae</i> e/ou <i>Isoeto-Nanojuncetea</i>
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>

3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodium rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.
4030	Queirogais secos europeos
4040 β	Queirogais secos atlánticos costeiros de <i>Erica vagans</i>
6220 β	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre substratos calcáreos, turbosos ou arxillo- limosos( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
7210 β	Turbeiras calcarias do <i>Cladium mariscus</i> e con especies do <i>Caricion</i> <i>davallianae</i>
7220 β	Mananciais petrificantes con formación de tuf ( <i>Cratoneurion</i> )
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
8330	Furnas mariñas
91E0 β	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

**Especies do Anexo II da Directiva 92/43/CEE**

Flora	Invertebrados	Peixes
<i>Narcissus pseudonarcissus</i> ssp. <i>nobilis</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Petromyzon marinus</i>
	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Salmo salar</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	

Anfibios/Réptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
	<i>Myotis myotis</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

A Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental indica literalmente:

*“Disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico. 1. En tanto non se modifique o Plan sectorial eólico de Galicia, considéranse áreas de desenvolvemento eólico as áreas de reserva e áreas de investigación, así como a franxa paralela a estas, previstas no Plan sectorial eólico de Galicia vixente. 2. En caso das áreas de desenvolvemento eólico en que se produza superposición coa Rede Natura, a zona de superposición que afecte a aquela non se considerará apta para implantar novos parques eólicos, excepto proxectos de modificación de parques eólicos nos termos indicados no artigo 32 da presente lei. Esta limitación farase extensiva á totalidade das instalacións do parque eólico contempladas na poligonal establecida no seu proxecto de execución”.*

**Vulneración normativa:**

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Artigo 46. Medidas de conservación da Rede Natura 2000.

**Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:**

Os cruzamentos da LAT, moi numerosos, afectan a varios regos innominados, ao rego do Ouro, río Xunco, rego do Outeiro,.... E o parque eólico produciría afeccións coas súas infraestruturas sobre o rego de Carín, o rego Adrada, rego de Vilatuixe, varios arroyos innominados, río Centiño, rego dos Teixos e rego da Besta ... Destaca a afección irreversible á espazos de alto valor ambiental como ZEC “Río Ouro” e á vexetación de ribeira.

A mercantil promotora obvia as captacións de auga para o uso humano e agrogandeiro e a multitude de manancias e fontes que hai na poligonal do parque eólico e no traxecto da liña de evacuación.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para a avifauna:**

Zona IBA (Important Bird Area): Ría do Eo-Praia de Barallo-Ría de Foz.

**Afección severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas e turbeiras:**

Ría de Fazouro. A mercantil promotora obvia o impacto sobre humidais, brañas e turbeiras. Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos.

**Afección severa e irreversible ao benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados.**

Cómpre ter en conta que a mercantil promotora só avalía as afeccións, e aínda así de maneira insuficiente, para as poboacións máis próximas e obviando o resto de núcleos que están dentro da poligonal do parque entendendo esta como a superficie afectada por este.

Núcleos próximos e Distancias:

Trasmonte 1.200 m (AE01)

Madroi 867 m (AE01)

Vilela 605 m (AE03)

Sa 829 m (AE04)

O Souto 1.115 m (AE05)

Palmiz 1.188 m (AE05)

Oirán 710 m (AE07)

O furco 528 m (AE08)

Campo Redondo 726 m (AE010)



A altura dos aerogeradores e a súa proximidade aos núcleos habitados implica unha particular afección sobre o benestar e a saúde das familias afectadas.

Cómpre indicar tamén a presenza doutros parques eólicos na entorna como o parque eólico Canedo, que tamén se atopa na cunca visual deste parque, coa conseguinte acumulación de afeccións.

A mercantil promotora recoñece impactos significativos para os núcleos de poboación afectados polo p.e. Mistral: ruidos das voaduras puntuais durante a fase de execución do parque, contaminación acústica e electromagnética durante o funcionamento, ou efecto de “sombra” das pás, alteracións das sinais de radio e televisión... etc. Ao que hai que engadir o impacto paisaxístico co que hai que convivir o resto da vida...

#### **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA**

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interese público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que o Goberno de España e a Xunta de Galicia permiten inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas.

\*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...

\*A promotora obvia a importancia microlóxica da área de afección do proxecto.

\*A promotora obvia a importancia económica da produción de castaña en réxime ecolóxico polo que respecta á afección aos soutos.

#### **VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.**

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debéra informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así os apoios da liña de evacuación, a maioría deles, prevense localizados sobre explotacións forestais e madeiras. Os apoios localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

#### **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:**

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia

deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro-gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

**Prexuízos significativos e irreversibles para os hábitats prioritarios e de interés comunitario:**

4030 Brezais secos europeos 4020\* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix  
4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga 9230 Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pireaica 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira 91E0\* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo 6230\* Formacións herbosas con Nardus 8220 Ladeiras e saíntes rochosos silíceos con vexetación casmofítica 3150 Lagos e lagoas eutróficos naturais, con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition 5110 Formacións estables xerotermófilas de Buxus sempervirens en pendentes rochosas 6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino

**Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood:**

\*\*Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

*“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.*

**Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican: “• *Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido.*

• *É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.*

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados.

O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na

planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

**Prexuízos significativos e incompatibles coa avifauna:**

Iberolacerta montícola, Anas crecca, Gallinago gallinago, Circus cyaneus, Pandion haliaetus, Scolopax rusticola, Discoglossus galganoi, Píntega píntega, Ra ibérica, Ra temporaria, Chioglossa lusitánica, Chondrostoma duriense, Chondrostoma arcasii, Rhinolophus ferrumequinum, Rhinolophus hipposideros, Circus pygargus, Pandion haliaetus considerada "Vulnerable". Segundo as Listas Vermellas (UICN), as especies catalogadas e o seu réxime de protección son os seguintes: - "Vulnerables": Circus pygargus, Streptopelia turtur, Rhinolophus hipposideros, Rhinolophus ferrumequinum, Cervus elaphus, Anguilla anguilla, Salmo trutta, Chondrostoma duriense, Chioglossa lusitánica, Píntega píntega e Ra iberica. Atendendo ao Catálogo Español de Especies Ameazadas e Listaxe, as especies catalogadas e o seu réxime de protección son os seguintes: - "Vulnerables" (2 taxóns): Circus pygargus e Chioglossa lusitánica. Segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, as especies catalogadas e o seu réxime de protección son os seguintes: - "Vulnerables" na península (8 taxóns). Circus pygargus, Rhinolophus hipposideros, Chioglossa lusitánica, Píntega píntega, Discoglossus galganoi, Ra ibérica, Ra temporaria, Iberolacerta montícola.

**Afección severa ao patrimonio cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización:**

Castro de Sumoas GA27025009 Sumoas Xove

Conxunto parroquial EI-2.1

Núcleo Rural dá Torre E2 A Torre Xove

Casa e hórreos EI-2.1

Núcleo Rural Beltrán E3 Beltrán Xove

Aldea EI-2.

Ponte Río dá Rigueira E4 (01.01. EAC) Beltrán Xove

Ponte EI-2.1

Ponte Río dá Rigueira E5 Rego Sanguento Xove

Ponte EI-2.1

Mámoa dá Lamaboa I GA27025020 Lamaboa Xove Neolítico Túmulo EI-2.1

Mámoa dá Lamaboa II GA27025021 Lamaboa Xove Neolítico Túmulo EI-2.1

Núcleo Rural Soutorredondo E6 Soutorredondo Xove

Aldea EI-2.1

A Medela Pequena TO27013002 O Seixo Cervo Indeterminado Topónimo EI-2.

Mámoa de Randeia

Cova dos Mouros

GA27025014 Labradela Xove Neolítico Túmulo EI-2.1

Petróglifo de Langoira GA27013013 O Castro Cervo

Castro de Castelo GA27013001 O Castro Cervo

Núcleo Rural San Xulián E7 Castro Cervo

			<p>Muíño e fonte E8 Estivada Cervo          Capela Santa Eufemia E9          Curral Grande Cervo          Castro dá Senra GA27013014 A Senra Cervo          Núcleo Rural Feás E10 Feás          Cervo Aldea EI-2.2          Casa e Hórreo E11 As Cabanas Cervo          Casa e Hórreo EI-2.2          Os Castros TO27013003 Casmaio Cervo Indeterminado Topónimo EI-2.2          Núcleo rural O Machuco E12 O Machuco Cervo          Aldea EI-2.2          Túmulo do Tesouro GA27019026 O Real Foz          Castro do Coto do Pico GA27019005 Sa          Foz Núcleo rural O Barral-A Fabega E14 O Barral Foz          Aldea EI-2.3          Núcleo rural de Güín E15 Güín O Valadouro</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• GA27019020 (2-34 PXOM). Pico dá Lebre.</li> <li>• GA27019004 (2-39 PXOM). A Croa. Poboado fortificado da Idade do Ferro.</li> <li>• RE27019006 (2-46 PXOM). Túmulo do Seixal, A Cova de Ouro.</li> <li>• GA27019006 (2-41 PXOM). San Martiño de Mondoñedo.</li> <li>• GA27019023 (2-41 PXOM). Explotación Mineira Cano dos Ouros.</li> <li>• GA27019017 (2-41 PXOM). Vos Castros, Veiga dous Castros.</li> <li>• GA27019002 (2-41/48 PXOM). Castro das Engrobias (antes Castro de Lelle).</li> <li>• GA27019019 (2-48 PXOM). A Torre.</li> <li>• TO27019002. A Torre. Topónimo.</li> <li>• GA27019001 (2-49 PXOM). Castro de Vilaronte.</li> <li>• GA27019003 (2-46/51 PXOM). Coto dos Castros.</li> <li>• GA27019007 (2-51 PXOM). Castelo dá Frouxeira.</li> <li>• GA27019015 (2-52 PXOM). Túmulo 1 de Fornelos.</li> <li>• RE27019002 (2-52 PXOM). Túmulo 2 de Fornelos.</li> <li>• RE27019004 (2-52 PXOM). Túmulo 4 de Fornelos.</li> <li>• TO27005002. Monte Corneira. Topónimo inventariado.</li> <li>• GA27030- n01. Túmulo de Chao dá Lamela I.</li> <li>• GA27030- n02. Túmulo de Chao dá Lamela II.</li> </ul> <p><b>Patrimonio cultural inmaterial: sen avaliar.</b></p>
--	--	--	--

A mercantil promotora obvia a importancia madeira e forestal da zona afectada polo proxecto eólico e que constitúe a base das economías das familias que viven e residen nos núcleos rurais afectados. O proxecto eólico fragmenta as explotacións forestais afectando á calidade destas e elimina superfié arborada co conseguinte impacto económico.





foto: Jacobe Meléndez, Facebook

